

Estimadas familias:

Esta semana realizáronse unha serie de modificacións no protocolo de actuación ante a situación de pandemia. O 14 de xaneiro de 2022 tivemos unha videoconferencia onde recibimos información da Consellería de Sanidade sobre como se ía proceder ante a nova situación sanitaria. Destacamos, a continuación, os aspectos principais a ter en conta despois de aclaración, na tarde de onte (18 de xaneiro de 2022), da Central de Seguimento e Contactos:

No ámbito familiar deberedes seguir as indicacións xa existentes para a poboación xeral. Se o alumnado é contacto estreito dun positivo familiar deberá gardar corentena no caso de non estar vacunado con pauta completa ou non ter superado a enfermidade nos últimos 3 meses.

No ámbito escolar, as novas instrucións son as seguintes:

- Cando un alumno/a é positivo por COVID, ben por PCR, proba de antíxenos ou autotest, a familia deberá:
 - Comunicalo ao teléfono 881.54.00.45 ou cubrir o formulario de declaración responsable de autotest positivo nesta [ligazón](#).
 - Comunicalo ao centro chamando ao 886 15.17.66 ou ao 886 15.17.70 (se é fóra do horario escolar).
 - Os casos confirmados deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tivesen síntomas durante polo menos os 3 últimos días, poderán incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar 10 días desde a confirmación de positivo.
 - Non se require, en ningún caso, proba algunha para reincorporarse ao centro. Só se reincorporará no caso de **NON ter síntomas**.
- **Alumnado de PRIMARIA: NON se identificarán contactos estreitos no ámbito escolar**
- **Alumnado de SECUNDARIA: SI se identificarán contactos estreitos no ámbito escolar e será a CSC a que comunique se procede corentena ou non segundo o caso.**

En todos os casos, desde o centro, realizarase unha comunicación vía ABALAR Móbil ás familias, para que realicedes unha vixilancia dos menores durante un período de 10 días. Esta vixilancia tradúcese en:

- Extremar as medidas de prevención.
- Evitar o contacto con persoas vulnerables
- Reducir as interaccións sociais non esenciais.
- Sempre que se supere os 5 casos positivos nunha aula, (ou o 20% da mesma), o centro porase en contacto coa Central de Seguimento e Contactos que tomará as decisións pertinentes.

O alumnado en corentena será atendido de xeito telemático pola aula virtual ou EDIXGAL (segundo o curso ou materia).

Lembramos que o alumnado con síntomas compatibles coa COVID 19 non deberá acudir ao centro. Neste caso, recomendamos a realización dunha proba de autotest ou acudir a algún dos puntos habilitados polo SERGAS como o do [recinto Feiral de Pontevedra con cita previa](#). (tamén atenden sen cita).

Por último, apelar á responsabilidade individual polo ben de toda a Comunidade Educativa, responsabilidade da que xa tivemos boa proba nestes meses e pola que estamos moi agradecidos.

Moito ánimo ante esta nova situación e moitas grazas pola vosa colaboración.

Equipo directivo do CPI do Toural